



ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA
XUNTANZA DO 23 DE MAIO DE 2017

Sendo as 20:30 horas do día 23 de maio de 2017 e en segunda convocatoria, reúnen-se no Centro Labrego Cultural de Reboveda baixo a presidencia de M^a José Barciela Barros as seguintes persoas :

Rocio Lorenzo Alonso, representante da Asociación de Veciños.

Juan José Darriba Rivera, representante da Asociación de Veciños

Manuel Darriba Rivera, representante da Asociación de Veciños.

Susana Couñago Andrés, representante de AER.

Juan Carlos Fernández Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.

David Couñago Mouriño, representante do B.N.G.

José Antonio Rodríguez Míguez, representante da Asociación de Augas.

Actuando coma Secretaria de actas M^a Lourdes Fernández Arines, funcionaria do Concello de Redondela, para tratar a seguinte ORDE DO DIA :

- 1 .- Aprobación, se prodede, da Acta do Consello Parroquial anterior
- 2 .- Propostas para actuacións dos orzamentos participativos 2017.
- 3 .- Rogos e preguntas.

- 1 .- Aprobación da Acta anterior.

Sométese a aprobación a acta da xuntanza anterior celebrada o día 25 de xaneiro de 2017.

Abtéñese David Couñago Mouriño por non estar presente na xuntanza do Consello anterior.

A acta queda aprobada cos votos a favor dos restantes membros presentes.

- 2 .- Propostas para actuacións dos orzamentos participativos 2017.

A presidenta da a palabra a Juan José Darriba que explica ca Asociación de veciños reuníose o día 18 de maio de 2017 para tratar de acadar propostas de obras para invertir os cartos dos orzamentos participativos 2017, chegando o seguinte acordo

- Facer o muro de Pirucho na Carambola.

Expón ca asociación mantivo unha reunión con Pirucho e chegaron ó acordo de construír un muro na súa finca con dous ringreiras de pedra pero despois de pensalo o

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



propietario quiere que o muro se faga con tres ringreiras.

A presidenta toma a palabra e dí que, baixo o seu punto de vista, non se lle debe facer un muro con tres ringreiras de pedra, se non con dous coma se fixo en todos os muros que ata agora se construíron cos participativos, debe seguirse o mesmo criterio para todos os veciños.

José Antonio Rodríguez pregunta a presidenta que significan os participativos, porque para él deben reflexar a decisión dos veciños.

M^a José Barciela explica que a razón dos participativos é destinar uns cartos, que proviñen do presuposto municipal, en obras que os veciños consideren, pero sempre seguindo o mesmo criterio e cumprindo coa normativa establecida nas leis, e en este caso vaíse a actuar de maneira diferente levantado un hilera máis co resto dos muros construídos ata agora e para ela non ten lóxica e sobretodo vai sentar precedente.

Juan Carlos Fernández opina que hai que ter en conta que este señor cede 2 m. de terreo a máis do que marca a lei e se non aproveitan agora esta oportunidade e non chegan a ningún acordo, nun futuro cando el constrúa o peche da súa finca o fara por donde marca a normativa e isto perxudica a toda a parroquia ao non ampliarse a carretera.

Susana Couñago opina cos cartos dos participativos se deberían gastar en obras que non fosen obrigatorias para o concello, se non en facer cosuas a máis para a parroquia. A presidenta replica que son cartos provenientes do presuposto municipal e que deben cumprir coa normativa e realizar obras de competencia municipal e que o Consello Parroquial soamente decide que obras consideran prioritarias.

David Couñago pregunta que criterios son os que se siguen porque o criterio principal sería cumprir a lei, e aparte de iso considera que hai obras máis importantes pendentes coma é do saneamento para toda a parroquia, pensa que existen arredor de 100 vivendas na parroquia sen saneamento.

M^a José Barciela dí que iso non é correcto, que ten que ter en conta que todo cidadano que lle pase o saneamento a menos de 100 m. ten a obriga de conectarse e con esa premisa quedan pendentes de saneamento bastantes menos vivendas das que David dí.

O representante do B.N.G. Seguen pensando que é máis importante achegar o saneamento as casas restantes que facer autopistas para aumentar o tráfico na parroquia, ó que José Antonio Rodríguez contesta que non se trata de facer autopistas se non de facilitar a circulación nunha zona cun elevado paso de vehículos ó ser unha vía de acceso a Pontevedra, Santa Mariña....

Susana Couñago desexa coñecer si hai outras propostas aparte destas.

Concello de Redondela



Juan Jose Darriba dí que a segunda e terceira propostas son :

- 2) Facer o desanche no camiño do Convento dende o xogo dos bolos ata a hípica.
- 3) Facer o desanche no Cadaval hacia Ventosela, ao lado da casa de Rita.

Sometidas a votación ás propostas acadase o seguinte acordo :

Votos A FAVOR da 1º proposta FACER O MURO NA CARAMBOLA (A DE PIRUCHO),

Juan Carlos Fernández

Manuel Darriba

Juan José Darriba

Rocio Lorenzo

José Antonio Rodríguez.

ABSTENCIÓNS

Susana Couñago

David Couñago, argumentado que a súa abstención debese a que pensa que vaise crear un problema de tráfico importante.

Mª José Barciela porque non está dacordo coas 3 hileras de pedra no muro.

No caso de que non fora posible levala cabo a primeira proposta pasariase a segunda e se non a terceira.

3 .- Rogos e preguntas.

Juan José Darriba pregunta a presidenta coma esta o tema da saída da carretera do AVE ata Quintela, Mª José dí que o técnico municipal o está a estudar pero que o propietario pide moitas contrapartidas, todavia non chegaron a ningún acordo.

Tamén pregunta polo saneamento na zona de Toucedo, pasaron a recoller sinaturas pola zona pero non sabe nada. A presidenta dí que fai un ano estivo na zona co técnico municipal pero que o ve moi complicado porque o saneamento ten que pasar todo por terreos privados, non hai nada público.

David Couñago comenta que existía unha partida de 6.000 € nunha conta de Lamas o profesor que se decidiu gastar no arranxo da fonte de Taboas e o sobrante, arredor de 3.500 € acordouse empregalo para facer o saneamento nesa zona.

A presidenta dí que o concello non pode coller os cartos dunha asociación, terá que ser dita asociación que faga a contratación e que os 3.000 € non chegan para o material pero que ese non é o problema, o problema é que o saneamento ten que pasar todo por terreos privado.

Concello de Redondela



Juan José Darriba pregunta coma esta o tema da rotonda preto do cemiterio ó que a presidenta contesta que aínda non deu tempo a facer o proxecto pero a idea é facer beiraruas dende a igrexa ata donde empezan as existentes e ir comendo pouco a pouca a carretera, non mover o Cruceiro porque patrimonio non o permite.

Susana Couñago pregunta si, na zona da Carambola donde hai moitas casas, pódese limitar a velocidade a 30 Km. A presidenta dí que todo iso, limite de velocidade, desanche de camiños, limpeza de camiños.... está solicitado a Deputación de Pontevedra, porque son carreteras de titularidade provincial, pero que tiveron unha reunión co responsable de carreteras na Diputación, quedou en vir a ver a zona pero que aínda non veu.

Tamén solicita que non se limpe a zona soo cando veñen as festas de Reboreda se non que se faga regularmente cando sexa necesario.

Dí que arredor do colexio de Reboreda os contenedores están cheos e votan o lixo fora e que os traballadores municipais poderían pasar de vez en cando a limpar esa porquería.

David Couñago dí que a empresa que fai o desbroce soo cortan as puntas da maleza e deixan todo bastante mal.

Mª José Barciela explica que, ata que non se aproban definitivamente os orzamentos do concello non se pode proceder a contratación da empresa que realiza o desbroce e debido a todo este procedemento administrativo vai todo con bastante retraso.

Sendo ás 21:30 horas Juan José Darriba Rivera e Manuel Darriba Rivera abandonan o Consello Parroquial.

José Antonio Rodríguez comenta que solicitou moitas veces facer un aparcamento alternativo xunto o supermercado Familia e que agora puxeron un letreiro enorme na entrada desa finca. Mª José Barciela dí que comunicoulle a ADIF esta circunstancia e que ten solicitados estes terreos a dita empresa pero ata o de agora non tivo resposta.

David Couñago pregunta onde están as mesas e bancos que habia na Moucheira. A presidenta dí que levaronse para outros sitios porque xa se tiveron que quitar en varias ocasións do río, a pesar de que estaban ancladas ao chan.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, pola Sra. Presidenta dáse por rematada a mesma, sendo ás 21:45 horas da data fixada no encabezamento, do que, coma secretaria do consello dou fe asinando a mesma xunto coa presidenta.